

ENCONTROS MONOGRÁFICOS
CO PATRIMONIO CULTURAL

ARQUEOLOXÍA DAS IGREXAS
ALTOMEDIEVAIS EN GALICIA
O PROXECTO EMCHAHE

CONSELLO DA CULTURA GALEGA
SANTIAGO DE COMPOSTELA
17 DE MARZO DE 2016



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Este é o terceiro encontro dunha actividade organizada pola Sección de Patrimonio e Bens Culturais do Consello da Cultura Galega, os *Encontros monográficos co Patrimonio cultural*, coa que se pretende dar difusión a proxectos relacionados co patrimonio cultural que se estean desenvolvendo en Galicia e que poidan ser de interese polo seu alcance, resultados, singularidade, repercusión pública ou pola entidade patrimonial dos elementos sobre os que se focalicen os proxectos. O obxectivo da actividade é tamén o debate sobre eles, que dea lugar unha actividade participativa.

Este encontro céntrase no proxecto europeo Early Medieval Churches: Archaeology, History and Heritage (EMCHAHE), que se desenvolve en Galicia, dentro da Universidade de Santiago de Compostela, e está dirixido por José Carlos Sánchez Pardo. Ten como obxectivo xerar novo coñecemento científico sobre a arqueoloxía e a historia das igrexas altomedievais e o seu valor para a xestión do patrimonio galego. A investigación parte da premisa de que moitas igrexas rurais galegas teñen a súa orixe na Alta Idade Media e de que no noso territorio aínda sobreviven algunhas pegadas dese primeiro grande auxe de construción deste tipo de edificacións, tanto a nivel arquitectónico como arqueolóxico, artístico, documental ou incluso toponímico; malia isto, apenas son coñecidas e valoradas. A nivel histórico, as igrexas enténdense neste proxecto, máis alá de meras construcións físicas, como os vehículos e as expresións das interaccións sociais establecidas a diferentes niveis, no crucial período de cambios que vai entre os séculos V e XI.

PROGRAMA

XOVES, 17 DE MARZO

SESIÓN DA TARDE

17.30 horas

Presentación

Iago Seara

Coordinador da Sección de Patrimonio e Bens Culturais do CCG

Rebeca Blanco-Rotea

Arqueóloga e membro da Sección de Patrimonio e Bens Culturais do CCG

17.45 horas

SESIÓN DE RELATORIOS

Un patrimonio en terra de ningún. As igrexas altomedievais de Galicia, entre arqueoloxía, historia e arte

José Carlos Sánchez Pardo

Historiador, investigador Ramón y Cajal da Universidade de Santiago de Compostela

Nesta intervención presentaremos as bases, desenvolvemento e primeiros resultados do proxecto europeo Early Medieval Churches: History, Archaeology and Heritage (EMCHAHE), desenvolvido na Universidade de Santiago de Compostela. Por unha banda, queremos amosar o potencial científico dun tema pouco explorado e necesitado dunha renovación metodolóxica, como son as igrexas altomedievais, que ademais, pode ofrecer moita información sobre as sociedades que habitaron en Galicia entre a fin do mundo romano e a consolidación do feudalismo e a arte románica (séculos V-XI). Por outra banda, pretendemos subliñar e promover un debate sobre o rico patrimonio que os restos destes edificios (moito máis numerosos do que tradicionalmente se considerou) supoñen na Galicia dos nosos días. Trátase dun tema problemático pero de grande interese e potencial que merece unha revisión máis alá do puramente académico.

Técnicas de datación absoluta aplicables á datación de edificios históricos: igrexas medievais de Galicia no marco do Proxecto EMCHAHE

Jorge Sanjurjo Sánchez

Biólogo, Instituto Isidro Parga Pondal da Universidade da Coruña

A reconstrución da historia dun edificio, polo menos dalgunha das súas fases construtivas, representa unha tarefa difícil, que moitas veces require o emprego de técnicas instrumentais de datación absoluta. Se ben existen múltiples técnicas aplicadas á xeoloxía, o seu número redúcese ostensiblemente cando se aplican á arqueoloxía e aínda máis á datación de edificios ou materiais de construción. Con todo, nos últimos 20 anos producíronse importantes avances neste uso das técnicas, pero a maioría son aínda pouco coñecidas pola comunidade arqueolóxica. As técnicas de radiocarbono e luminiscencia foron as que tiveron máis éxito, podendo aplicarse ambas con diferentes propósitos, e as perspectivas futuras, sobre todo no caso desta última, invitan ao optimismo. No caso de Galicia, ambas as técnicas, pero sobre todo a luminiscencia, aplicáronse con éxito en morteiros de edificios altomedievais durante a execución do proxecto EMCHAHE.

19:15 horas

Debate

ORGANIZA:

SECCIÓN DE PATRIMONIO E BENS CULTURAIS DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA

COORDINACIÓN:

IAGO SEARA MORALES

REBECA BLANCO-ROTEA

LUGAR DE REALIZACIÓN:

CONSELLO DA CULTURA GALEGA

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705 Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 / Fax 981 957 205

difusion@consellodacultura.gal

www.consellodacultura.gal

INSCRIPCIÓN:

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada.

Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

INSCRIPCIÓN E MÁIS INFORMACIÓN:

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705 Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 / Fax 981 957 205